

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BUEU

#### Subvencións e axudas

#### *BASES DO XVII PREMIO JOHÁN CARBALLEIRA DE XORNALISMO*

### **BASES REGULADORAS DO XVII PREMIO DE XORNALISMO JOHÁN CARBALLEIRA**

Obxecto: Co ánimo de contribuír e fomentar o xornalismo en galego, o Concello de Bueu impulsa o XVII Premio de Xornalismo Johán Carballeira, que ten tamén por obxectivo homenaxear e dar a coñecer a figura do bueués Johán Carballeira.

O certame está aberto a traballos de temática libre pertencentes a calquera xénero xornalístico, publicados con firma ou pseudónimo entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2019. Poderán concorrer a el tódalas persoas físicas maiores de idade que presenten os seus traballos, os cales deberán ter sido publicados en medios impresos ou dixitais, escritos en lingua galega.

Aceptarase un só traballo por autor/a. Non poderán presentarse as persoas gañadoras das dúas últimas edicións do premio.

A presentación dos traballos poderá facerse por calquera das dúas vías seguintes e de acordo coas instrucións que se indican:

- **EN PAPEL:** De cada traballo teñen que presentarse un orixinal e 3 copias da páxina ou páxinas completas da revista ou xornal que acolleu a súa publicación. As obras presentaranse en sobre pechado, coa indicación “XVII Premio de Xornalismo Johán Carballeira”, no seguinte enderezo: Concello de Bueu, rúa Eduardo Vincenti, nº 8, 36930 Bueu (Pontevedra). No interior do sobre, ademais dos traballos, achegarase unha folla coa seguinte información: Título do traballo, nome do/a autor/a, DNI ou pasaporte, enderezo e número de teléfono e correo electrónico. No caso de presentar un traballo publicado nun medio dixital remitirase ademais a ligazón do enderezo web no que se atopa o dito traballo. O selo que certifique a data de envío deberá de ser visible.
- **EN FORMATO DIXITAL:** mediante CD que incluírá na cuberta “XVII Premio de Xornalismo Johán Carballeira” e título da obra, nun arquivo de tratamento de texto Word, OpenOffice ou PDF. Noutro documento constará título do traballo, nome do/a autor/a, DNI ou pasaporte, enderezo, número de teléfono e correo electrónico. No caso de presentar un traballo publicado nun medio dixital remitirase ademais a ligazón do enderezo web no que se atopa o dito traballo.

O prazo de presentación dos orixinais será desde a publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia (BOP) ata o 31 de xaneiro de 2020.

Luns, 9 de setembro de 2019

Núm. 172

O premio terá unha dotación única de 1.500 €, comprometéndose a imputación desta cantidade ao orzamento xeral do Concello de Bueu para o exercicio 2020 e a acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente. A dotación do premio estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. O premio, que é único e indivisible, poderá declararse deserto.

O Xurado estará composto por tres persoas vinculadas ao xornalismo galego, unha delas nomeada pola asociación colaboradora “Amigos de Johán Carballeira”, e máis un/ha secretario/a que será un funcionario/a do Concello con voz pero sen voto. Este xurado valorará positivamente aqueles traballos enmarcados nos xéneros da reportaxe e a entrevista, xéneros nos que desenvolveu maioritariamente o seu labor xornalístico Johán Carballeira. Así mesmo, teranse en conta a orixinalidade no tratamento do tema, o emprego dunha linguaxe e estilo ricos, o rigor e a calidade técnica do traballo.

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Cultura, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei Xeral de Subvencións.

A decisión do xurado, ademais de comunicarse ó gañador ou gañadora da convocatoria, anunciarase a través do taboleiro de anuncios da Sede Electrónica e na páxina web do Concello: [www.concellodebueu.gal](http://www.concellodebueu.gal), así como nos medios de comunicación. Prevese que a entrega se produza nun acto público que se celebrará na primavera /verán de 2020, ao que terá obriga de asistir a persoa gañadora.

O Concello de Bueu resérvase o dereito de reprodución dos traballos premiados, así como de calquera outro presentado ó certame, na forma e o medio que estime máis conveniente, aínda que incluíndo sempre o nome de cada autor/a.

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado.

Publicidade da convocatoria: Estas bases serán publicadas no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Bueu, no Boletín Oficial da Provincia (BOP), a efectos de dar publicidade a esta convocatoria na base de datos di Sistema Nacional de Publicidad y Subvenciones, e na páxina web deste Concello.

Impugnación: segundo o establecido nos artigos 112 a 120 e 123 e 124 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



**BASES REGULADORAS DEL XVII PREMIO DE XORNALISMO  
JOHÁN CARBALLEIRA**

Objeto: Con el ánimo de contribuir y fomentar el periodismo en gallego, el Ayuntamiento de Bueu impulsa el XVII Premio de Periodismo Johán Carballeira, que tiene también por objetivo homenajear y dar a conocer la figura del bueués Johán Carballeira.

El certamen está abierto a trabajos de temática libre pertenecientes a cualquier género periodístico, publicados con firma o pseudónimo entre el 1 de enero y el 31 de diciembre de 2019. Podrán concurrir a él todas las personas físicas mayores de edad que presenten sus trabajos, los cuales deberán haber sido publicados en medios impresos o digitales, escritos en lengua galega.

Se aceptará un sólo trabajo por autor/a. No podrán presentarse las personas ganadoras de las dos últimas ediciones del premio.

La presentación de los trabajos podrá hacerse por cualquiera de las dos vías siguientes y de acuerdo con las instrucciones que se indican:

- **EN PAPEL:** De cada trabajo tienen que presentarse un original y 3 copias de la página o páginas completas de la revista o periódico que acogió su publicación. Las obras se presentarán en sobre cerrado, con la indicación “XVII Premio de Xornalismo Johán Carballeira”, en la siguiente dirección: Concello de Bueu, rúa Eduardo Vincenti, nº 8, 36930 Bueu (Pontevedra). En el interior del sobre, además de los trabajos, se entregará una hoja con la siguiente información: Título del trabajo, nombre del/la autor/a, DNI o pasaporte, dirección y número de teléfono y correo electrónico. En el caso de presentar un trabajo publicado en un medio digital se remitirá además el enlace de la dirección web en la que se encuentra dicho trabajo. El sello que certifique la fecha de envío deberá ser visible.
- **EN FORMATO DIGITAL:** mediante CD que incluirá en la cubierta “XVII Premio de Xornalismo Johán Carballeira” y título de la obra, en un archivo de tratamiento de texto Word, OpenOffice o PDF. En otro documento constará título del trabajo, nombre del/la autor/a, DNI o pasaporte, dirección, número de teléfono y correo electrónico. En el caso de presentar un trabajo publicado en un medio digital se remitirá además el enlace de la dirección web en la que se encuentra dicho trabajo.

El plazo de presentación de los originales será desde la publicación del extracto de las bases en el Boletín Oficial de la Provincia (BOP) hasta el 31 de enero de 2020.

El premio tendrá una dotación única de 1.500 €, comprometiéndose la imputación de esta cantidad al presupuesto general del Ayuntamiento de Bueu para el ejercicio 2020 y la acreditación de la existencia de crédito adecuado y suficiente. La dotación del premio estará sujeta al tratamiento fiscal en vigor en el momento de la concesión. El premio, que es único e indivisible, podrá declararse desierto.



Luns, 9 de setembro de 2019

Núm. 172

El Jurado estará compuesto por tres personas vinculadas al periodismo gallego, una de ellas nombrada por la asociación colaboradora “Amigos de Johán Carballeira”, y un/una secretario/a que será un funcionario/a del Ayuntamiento con voz pero sin voto. Este jurado valorará positivamente aquellos trabajos enmarcados en los géneros del reportaje y la entrevista, géneros en los que desarrolló mayoritariamente su labor periodístico Johán Carballeira. Así mismo, se tendrán en cuenta la originalidad en el tratamiento del tema, el uso de un lenguaje y estilo ricos, el rigor y la calidad técnica del trabajo.

El procedimiento de instrucción y resolución se llevará a cabo en el Departamento de Cultura, en los términos que se regulan en los artículos 23 a 27 de la Ley General de Subvenciones.

La decisión del jurado, además de comunicarse al ganador o ganadora de la convocatoria, se anunciará a través del tablón de anuncios de la Sede Electrónica y en la página web del Ayuntamiento: [www.concellodebueu.gal](http://www.concellodebueu.gal), así como en los medios de comunicación. Se prevé que la entrega se produzca en un acto público que se celebrará en la primavera / verano de 2020, al que tendrá obligación de asistir la persona ganadora.

El Ayuntamiento de Bueu se reserva el derecho de reproducción de los trabajos premiados, así como de cualquier otro presentado al certamen, en la forma y el medio que estime más conveniente, aunque incluyendo siempre el nombre de cada autor/a.

La participación en esta convocatoria implica la aceptación de las normas contenidas en las presentes bases, así como la decisión del jurado.

Publicidad de la convocatoria: Estas bases serán publicadas en el tablón de anuncios de la Sede Electrónica del Ayuntamiento de Bueu, en el Boletín Oficial de la Provincia (BOP), a efectos de dar publicidad a esta convocatoria en la base de datos del Sistema Nacional de Publicidad y Subvenciones, y en la página web de este Ayuntamiento.

Impugnación: según lo establecido en los artículos 112 a 120 y 123 y 124 de la Ley 39/2015 de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

